

BASES DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE CURTAMETRAXES

PANIC^{'22}

1.- O Concurso de curtametraxes PANIC A ESTRADA é unha iniciativa impulsada polo Departamento de Cultura do Concello da Estrada (Pontevedra) e a Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada, dentro das actividades programadas para o Festival de cine de Terror PANIC.

2.- Poderá participar calquera persoa física, asociación ou grupo sen restrición de idade.

3.- As obras de ficción presentadas deberán ter **temática de terror ou misterio**.

4.- As obras presentadas poderán alcanzar unha **duración máxima de 20 minutos**, incluídos os títulos do inicio e créditos finais. Calquera obra que exceda desa duración quedará excluída do concurso.

5.- As curtametraxes presentadas deberán estar realizadas en **idioma galego** ou subtituladas á devandita lingua.

6.- Os traballos deberán presentarse a través das plataformas MOVIBETA ou FESTHOME ou serán enviados por correo ao Departamento de Cultura do Concello da Estrada en calquera formato dixital.

7.- A data límite de presentación de curtametraxes para esta edición do concurso será o **28 de xaneiro de 2022**.

8.- O Departamento de Cultura do Concello da Estrada nomeará un xurado composto por tres persoas con experiencia no contexto audiovisual que serán as encargadas de avaliar os traballos, seleccionar os tres finalistas e premiar a curta gañadora. O premio será entregado nunha gala final que se celebrará o 4 de febreiro ás 23.30 h en Minicines Central e na que se visualizarán os traballos finalistas en pantalla grande.

9.- A curtametraxe gañadora recibirá un premio único de 400,00€.

10.- Será requisito indispensable para recibir o premio, a presenza, directa ou interposta, dalgún representante do equipo artístico responsable da curtametraxe.

11.- A selección dos tres (3) traballos finalistas publicaráse na páxina web do festival www.panic.aestrada.com

12.- Os concursantes responsabilizaranse de que non existan dereitos a terceiros polo uso das pezas musicais nas obras presentadas e responsabilízanse tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido. No caso de que se utilice unha pista de audio con material propiedade dunha compañía discográfica sen o seu permiso, non se aceptará a película a concurso.

13.- As curtametraxes presentadas pasarán a formar parte da videoteca do festival e serán publicadas na súa web: www.panic.aestrada.gal

14.- A inscrición no concurso implica a aceptación destas bases na súa totalidade.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

minicines
CENTRAL 

acoe 
asociación de comerciantes da estrada
centro comercial aberto